## CRITERIOS PARA DETERMINAR O REPARTO DE PRAZAS POR TRIBUNAIS NAS OPOSICIÓNS DOCENTES

O reparto de prazas por tribunal correspóndelle á Consellaría. Unha vez coñecido o número total de aspirantes presentados (suma dos presentados a cada tribunal), fan un reparto proporcional do número total de prazas a cada tribunal (incluídas as desertas da quenda D, se as houber), dividindo o número de prazas polo número de presentados totais.

O reparto de prazas faise en primeiro lugar a cocientes enteiros e logo aos maiores restos até chegar ao total de prazas a repartir.

No caso de que queden prazas desertas nun ou máis tribunais e existan persoas aspirantes noutros tribunais que superaron o proceso selectivo mais non obtiveron praza, cómpre resolver como se determina a quen lle corresponde aprobar.

O procedemento que emprega a Consellaría é continuar na asignación de prazas a tribunais por restos, sempre que estes teñan aprobados sen praza. **A estes efectos de reparto xa non se teñen en conta os tribunais que obtiveron prazas por restos na distribución ordinaria de prazas,** correspondéndolle aos seguintes restos maiores. No caso de que existise un empate nos cocientes de dous tribunais, a Consellaría ten que facer un sorteo para determinar a quen se lle asigna a praza.

Así, podemos comprobalo no seguinte exemplo (especialidade de XeH 2022)

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Tibunais** | | | | | | | | | | | | |
| | **Total** | **T1** | **T2** | **T3** | **T4** | **T5** | **T6** | **T7** | **T8** | **T9** | **T10** | **T11** | **TOTAL** |
| **Presentados** | | 56 | 85 | 83 | 84 | 79 | 87 | 83 | 89 | 77 | 85 | 91 | **899** |
| **Orde de tribunais a maior resto** | | 6º | 7º | 10º | 9º | 2º | 5º | 11º | 3º | 4º | 8º | 1º | |
| | | | | | | | | | | | | | |
| **Prazas por tribunal** | 0,098 | **5,482** | **8,320** | **8,125** | **8,222** | **7,733** | **8,516** | **8,125** | **8,712** | **7,537** | **8,320** | **8,908** | **88** |
| **Prazas por tribunal (enteiros)** | | 5 | 8 | 8 | 8 | 7 | 8 | 8 | 8 | 7 | 8 | 8 | **83** |
| **Reparto a resto maior** | | | | | | (+1) | (+1) | | (+1) | (+1) | | (+1) | **5** |
| **TOTAL REPARTO** | | 5 | 8 | 8 | 8 | 8 | 9 | 8 | 9 | 8 | 8 | 9 | **88** |
| | | | | | | | | | | | | | |
| **Aprobados con praza** | | 5 | 6 | 8 | 8 | 8 | 9 | 8 | 9 | 8 | 8 | 9 | **86** |
| **Aprobados sen Praza** | | 1 | 0 | 1 | 1 | 0 | 6 | 1 | 2 | 1 | 0 | 5 | **18** |
| **Reparto das Desertas "L" (2)** | | (+) 1 | *(+) 1 | | (+) 1 | | | | | | *(+) 1 | | |
| | | 6 | 6 | 8 | 9 | 8 | 9 | 8 | 9 | 8 | 8 | 9 | **88** |

**Nota:**

*(+) 1

Tocaríalle a ese tribunal por resto maior, pero non ten aspirantes que superaran a proba, polo que segue a quenda ate o seguinte.